

Á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta as seguintes **emendas á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia 45375 (10/PNC-003650)** sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que están ter na saúde, na calidade de vida das persoas e no custo sanitario o sobrepeso, a obesidade e os trastornos da conduta alimentaria, incluída na orde do día da devandita Comisión que se celebrará o 20 de marzo de 2019.

EMENDAS DE ENGÁDEGA

Débense engadir os seguintes puntos:

- “ - Elaborar en colaboración coa FEGAMP un Plan que conte con orzamento suficiente para abordar a situación de problemas nutricionais na infancia e adolescencia.
- Retirar a comida lixo dos centros educativos de Galicia.”

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2019.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 18/03/2019 18:09:53

Luis Villares Naveira na data 18/03/2019 18:10:03



Á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta as seguintes **emendas á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia 45515 (10/PNC-003662)** sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar o servizo de fisioterapia na Atención primaria do Sistema público de saúde, incluída na orde do día da devandita Comisión que se celebrará o 20 de marzo de 2019.

EMENDAS DE ENGÁDEGA

1.- ENGADIR NO PUNTO PRIMEIRO O SEGUINTE TEXTO: “de tal forma que os centros de saúde conten con profesionais no seu plantel segundo as ratios recomendadas pola OMS, de tal xeito que nos casos nos que as ratios sexan menores ás recomendadas, haberá unha profesional de referencia o máis preto posible.”

2.- ENGADIR UN NOVO PUNTO CO SEGUINTE TEXTO: “Acondicionar ás Unidades de Fisioterapia en Atención Primaria que o precisen, para a abordaxe da cronicidade e dos problemas derivados do envellecemento mediante exercicio terapéutico.”

3.- ENGADIR UN NOVO PUNTO CO SEGUINTE TEXTO: “Abrir o acceso directo dos pacientes ás Unidades de Fisioterapia en Atención Primaria como medida para diminuír consultas de médicos de Atención Primaria en patoloxía articular e músculo-esquelética.”





Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2019.

Asdo. Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 18/03/2019 18:05:05

Luis Villares Naveira na data 18/03/2019 18:05:12

